

“APROXIMACIÓN Á CUESTIÓN ECONÓMICA”

Quen forman Ancoradoiro actualmente?

Dezasete persoas socias. Formar parte da Cooperativa, ao constituír unha iniciativa social, non é custoso. Non existen mediadores e tampouco intermediarios. Soluciona a propia Cooperativa a xestión con servizos profesionalizados, tales como, asesoría contable, xurídica, fiscal e de comunicación cunha cota mensual de trinta euros por cooperativista.

A cuestión crave que determina finalmente o proxecto é a achega dunha cantidade entre 10.000 e 17.000 €, dependendo de se son dúas ou unha as persoas que forman a unidade de convivencia, necesarios para asegurar a opción de compra dos terreos na localización que eliximos (Porto do Molle – Nigrán) e contar cos medios precios para facer fronte, para os próximos dous anos, a unha cantidade ao redor de 170.000 € por unidade de convivencia. Hai posibilidades dun préstamo.

Qué se propón Ancoradoiro?

Construír un Centro Social para convivir, que facilite o benestar das persoas nunha contorna segura. Aspiramos a construír Ancoradoiro, sobre unha superficie de máis de nove mil metros cadrados, superficie que temos reservada. A edificación, sostible e enerxéticamente eficiente, conterà entre trinta/corenta espazos habitacionais duns cincuenta e cinco metros cadrados cada un e unha superficie de uso común.

Como se abordará o financiamento do proxecto construtivo?

Ancoradoiro é nítidamente “unha iniciativa social”: un grupo de persoas que deciden poñer en marcha un proxecto para a convivencia e o coidado das persoas maiores de cincuenta e cinco anos, sen ánimo de lucro e por tanto sen beneficio empresarial. A cooperativa achega ás persoas socias actividades, compañía, coidados e protección, favorecendo a convivencia e a calidade de vida. Ademais, pretende ofrecer servizos á Comunidade na que se instala, neste caso Nigrán.

Ademais do financiamento que se poida conseguir, este tipo de proxectos conta coa posibilidade de obter subvencións da Administración.

Por exemplo o Plan Estatal de Acceso á Vivenda 2022 - 2025, contempla subvencións individuais de ata 50.000€ de cumprirse determinadas condicións nas persoas que van vivir nunha vivenda colaborativa en cesión de uso, como é Ancoradoiro. Por exemplo el Plan Estatal de Vivienda, contempla subvenciones individuales de hasta 50.000€ de cumprirse determinadas condiciones en las personas que van a vivir en una vivienda colaborativa en cesión de uso, como es Ancoradoiro. [Vivenda | Ministerio de Vivenda e Axenda Urbá \(mivau.gob.es\)](#)

Que outras posibilidades de financiamento?

Créditos brandos que proveñen da banca ética especialmente e recursos que poidan provir de empresas coas que contratamos servizos esenciais para desenvolver a función cooperativa.

Canto supón vivir e beneficiarse das instalacións, servizos e coidados?

Decidirano os propios cooperativistas sobre a base de servizos esenciais. A Cooperativa dispoñerá de servizos de lavandería, comedor, salas multiusos e áreas de coidado e repouso. Tamén contará cun servizo de mantemento técnico e de limpeza das instalacións de uso privado e común.

Ademais todos aqueles servizos que hoxe en día son propios do noso fogar, tales como, internet, climatización, consumos de enerxía, auga e outras subministracións se cooperativizan minimizando os seus custos individuais.

Idéntica fórmula cooperativa emprégase para os impostos, taxas e outras obrigacións. Para entender mellor esta última categoría podemos indicar que actualmente se abonan mensualmente, por habitar e residir nunha contorna urbana, uns 300€ mensualmente por unidade de convivencia. En Ancoradoiro esa cantidade poderíase reducir ata un 40% dispoñendo dos mesmos servizos. Abarátanse custos ao compartir servizos de forma moi significativa.

Propuxémonos de prazo ata finais do mes de xuño próximo para desenvolver o proxecto cooperativo.

Se desexas precisar detalles ou recibir maior información conecta connosco en

info@ancoradoiro.org